

A ruada nas fontes e nos lavadoiros

Que os convivios do rural na Gallaecia veñen da antiga herданza é un feito sabio e ben saboroso para a Terramar que nos abrocha polos corredores das albas, alén do tempo. Cadra oportuna a segunda Ruada de Parada de Laro, no concello de Silleda. Agora que mingua o cariño e o conforto pola Lingua e pola Memoria de noso. Na Terra do Medio (alguén xa tenta proclamar Galicia Center) os cumes son recoñecidos dende as sendistancias: Bocelo, Cova da Serpe, Careón, Farelo, Faro, Candán, O Seixo... E son tamén parte e arte da toponimia que conleva as intemperies e as orquestras da ledicia cando a primavera é. Neste mes de maio, abrochado en verdes e palabras do rural antigo, milenario, unha mocía acorda do soño dos avós e provoca a renascencia da *Ruada das fontes e dos lavadoiros*. Canta e medra a cotovía para que Ánxela Taboada Lamela (seguidé reparando nos apelidos, que traspasan as néboas e varren o autooidio) saiba e palabree en serio coas cantareiras do seu mundo labrego: Concha da Carreira, María do Cruceiro, Flora do Barro e Adoración da Eirexe. Elas. Adoración finou hai pouco e Flora non pudo estar por mor dunha viaxe familiar ás Américas (que tanto non repinicaría ela cabo da viaxe que nos levaba en anos acólalo dos nosos eidos!). Quero que esta crónica breve para a AELG, sexa pousadoiro de cavilación e de ledicias: os séculos non morren canda nós (se renacen flores); a Terra pode, afínca, se hai Amor; as voces son de feito Música, Ruada, Canto, Lingua, Auga. E Ánxela é a andoriña de Parada que revoa, renace, medra, viaxa cabo do tempo e mundo e bebe os versos, os poemas de auga e terra-laxe na Fonte do Piollo, no Lavadoiro de Outeiro, na Fonte de Rego do Foxo, na do Barro e na de Redemuíños; en subindo o peito manso do Candán, cabo do mar que bate en Cangas e nas Cíes, Ons..., coma se un bico. Feliz día, semana, mes, 50 anos, séculos das Palabras e das Voces, Maxia Gallaecia.

DO MOLDAVA AVOLTO EN AUGA CHÉGAME/ o agasallo de Bedrich, patria bohemia de Sarka/ e o cabalo que eu soñara nacer nos bidueiros/ do Arnego aquela mañá de xílgaros cando/ era un rapaz tan leve no vento/ que medía os universos por Trasdeza/ e non paraba en counselos ata a selva/ negra onde mora o amigo xordo na luz:/ fagots e tubas, clarinetes, trompas/ pianíssimo Smetana.

Este é o poema que pendurou nunha das tantas taboíñas de Parada nos días-noites do mes de maio 2012 na fonte de Redemuíños, bebendo en matria.

Xosé Vázquez Pintor

Publicado en Sermos Galiza, nº 3, 22 de xuño de 2012